

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 536** *Real decreto 5/2014, do 10 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servizos periféricos e de estrutura das delegacións do Goberno, no relativo ao Laboratorio Arbitral Agroalimentario de Santander e ao Laboratorio Central de Sanidade Animal de Santa Fe, Granada.*

A Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, no seu artigo 33 establece o principio xeral de integración dos servizos territoriais nas delegacións do Goberno e prevé a excepción daqueles casos «en que pola singularidade das súas funcións ou polo volume de xestión resulte aconsellable a súa dependencia directa dos órganos centrais correspondentes, para unha maior eficacia na súa actuación».

No seu artigo 34.1 establécese que «os servizos non integrados nas delegacións do Goberno se organizarán territorialmente atendendo ao mellor cumprimento dos seus fins e á natureza das funcións que deban desempeñar». Pola súa vez, no 34.2. establécese que a organización dos ditos servizos se establecerá por real decreto por proposta conxunta do ministro correspondente e do ministro de Administracións Públicas (na actualidade, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas), cando recolla unidades con nivel de subdirección xeral ou equivalentes, ou por orde conxunta, cando afecte órganos inferiores.

Pola súa vez, o artigo 35 establece que os servizos non integrados dependerán do órgano central competente sobre o sector de actividade en que eles operen, o cal lles fixará os obxectivos concretos de actuación e controlará a súa execución, así como o funcionamento dos servizos.

A organización territorial dos servizos periféricos e das delegacións e subdelegacións do Goberno foi establecida polo Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servizos periféricos e de estrutura das delegacións do Goberno, e desenvolvida pola Orde do Ministerio da Presidencia do 7 de novembro de 1997.

De acordo co artigo 1.4 do Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, integráronse nas delegacións do Goberno todos os servizos correspondentes ás direccións provinciais do entón Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ten dous laboratorios agroalimentarios, o Laboratorio Arbitral Agroalimentario de Madrid, integrado funcional e organicamente no departamento, e o Laboratorio Agroalimentario de Santander, integrado organicamente na Delegación do Goberno de Cantabria. Tamén ten dous laboratorios de sanidade e xenética animal, o Laboratorio Central de Veterinaria, en Algete (Madrid), integrado funcional e organicamente no departamento, e o Laboratorio Central de Sanidade Animal, en Santa Fe, Granada, integrado organicamente na Subdelegación do Goberno de Granada. Con independencia doutras funcións, actúan como laboratorios de referencia en diversas áreas e de colaboración coas comunidades autónomas na realización de análises, normalización de métodos analíticos e proposta de métodos oficiais.

Os laboratorios son entidades especializadas no desenvolvemento dunhas funcións cun gran contido técnico-científico e, por tanto, caracterízanse pola singularidade das funcións que desempeñan. A designación como laboratorios de referencia da Unión Europea e nacionais en determinadas materias exige o cumprimento de requisitos moi estritos, que só se poden conseguir cunha adecuada elección e calidade dos medios materiais e persoais postos á súa disposición.

Resulta conveniente unificar o sistema de xestión de todos os laboratorios que teñen a mesma natureza, dada a súa complexa xestión ao seren laboratorios de referencia, e

seren entidades especializadas con marcado carácter técnico-científico respecto ás funcións que desempeñan e pola súa singularidade.

Procede, por isto, exceptuar o Laboratorio Agroalimentario de Santander e o Laboratorio Central de Sanidade Animal de Santa Fe, Granada, da súa integración nos servizos periféricos e de estrutura das delegacións do Goberno.

Este real decreto dítase en aplicación dos artigos 33 e 34 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servizos periféricos e de estrutura das delegacións do Goberno.*

O artigo 1.4 do Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servizos periféricos e de estrutura das delegacións do Goberno, substitúese polo seguinte:

«4. Do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente: os servizos correspondentes ás direccións provinciais do departamento, que quedarán suprimidas. Non obstante, exceptúase da integración nos servizos periféricos e de estrutura da Delegación do Goberno en Cantabria o Laboratorio Agroalimentario de Santander, e da Subdelegación do Goberno en Granada o Laboratorio Central de Sanidade Animal, sito en Santa Fe, Granada. Ambos os laboratorios dependerán orgánica e funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.»

Disposición adicional primeira. *Dependencia orgánica.*

1. O Laboratorio Agroalimentario de Santander pasa a depender da Dirección Xeral da Industria Alimentaria, a través da Subdirección Xeral de Control e de Laboratorios Alimentarios.

2. O Laboratorio Central de Sanidade Animal, en Santa Fe, Granada, pasa a depender da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, a través da Subdirección Xeral de Sanidade e Hixiene Animal e Rastrexabilidade.

Disposición adicional segunda. *Coordinación.*

Os titulares do Laboratorio Agroalimentario de Santander e do Laboratorio Central de Sanidade Animal de Santa Fe prestarán a colaboración que precisen os delegados do Goberno e, se for o caso, subdelegados do Goberno, así como os órganos competentes das comunidades autónomas.

Disposición adicional terceira. *Adscrición de bens.*

Os bens inmoables, vehículos e maquinaria, equipamentos informáticos e de comunicacións, equipamentos e bens móbiles, así como os restantes medios materiais do Laboratorio Agroalimentario de Santander e do Laboratorio Central de Sanidade Animal sito en Santa Fe, Granada, adscribiranse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, mediante a correspondente acta, con acordo do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Disposición transitoria primeira. *Postos de traballo afectados pola reestruturación.*

1. Os postos de traballo existentes no Laboratorio Agroalimentario de Santander e no Laboratorio Central de Sanidade Animal sito en Santa Fe, Granada, adscribiranse provisionalmente, por resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ao

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, mentres non entre en vigor a nova relación de postos de traballo.

Os ditos postos serán retribuídos con cargo aos créditos orzamentarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas até que se realice a adecuación dos créditos correspondente.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente deberán adecuar os seus orzamentos do capítulo I correspondente ao exercicio 2014, con base no contido do presente real decreto.

3. A nova relación de postos de traballo en ningún caso poderá supor incremento do gasto público.

Disposición transitoria segunda. *Xestión financeira e de persoal até o peche do exercicio de 2013.*

Os actos de disposición dos créditos necesarios para as retribucións do persoal ou o funcionamento dos laboratorios, así como as actuacións de xestión do seu persoal, continuarán sendo levados a cabo polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas até que se realice a adecuación dos créditos correspondente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN